



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Decembro 2016


Santiago de Compostela, 08 de febreiro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2016

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en decembro de 2016 un decrecemento do 2,4% con respecto a decembro de 2015, mentres que a nivel nacional a caída foi do 1,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, rexistraron repercusións positivas os bens de consumo (2,3 puntos); rexistraron repercusións negativas os bens de equipo (-4,1 puntos) e os bens intermedios (-0,6 puntos). A enerxía tivo unha variación case nula.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “confección de roupa de vestir” (1,0 puntos), á “industria da alimentación” e á “fabricación de produtos metálicos” (0,8 puntos cada unha).
- Polo contrario, entre as que mostran maior achega negativa destacan a “fabricación de maquinaria e equipamento” (-1,7 puntos), a “fabricación doutro material de transporte” (-1,1 puntos) e a “producción de enerxía eléctrica” e a “fabricación doutros produtos minerais non metálicos” (0,7 puntos cada unha).

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2016



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de decembro de 2016 en Galicia acadou un decrecemento interanual do 2,4%, empeorando en 8,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (5,8%). En España rexistrouse un decrecemento do 1,6%, empeorando en 5,7 puntos a taxa acadada no mes anterior (4,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 9,6%, o que suma 2,3 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** presentan un retroceso do 16,6%, o que resta 4,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** caen un 2,2% cunha repercusión negativa de 0,6 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que case non tivo variación.

Comparando cos crecementos interanuais de novembro de 2016, por destino económico, os bens de consumo melloran 0,8 puntos, os bens de equipo empeoran 17,5 puntos, os bens intermedios retroceden 7,5 puntos e a enerxía cae 8,3 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de decembro foron: a “fabricación de maquinaria e equipamento” que resta 1,7 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,1 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” e a “fabricación doutros produtos minerais non metálicos” que restan 0,7 puntos cada unha delas.


No que respecta ás repercusións positivas destacan as ramas de “confección de roupa de vestir” que suma 1,0 puntos, e a “industria da alimentación” e a “fabricación de produtos metálicos”, que restan 0,8 puntos cada unha á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 12,9% de Asturias e o -11,0% de Extremadura. Ademais da Asturias, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Cantabria (5,4%), Balears (1,2%), Canarias (0,9%), Murcia (-0,5%), País Vasco (-0,6%) e Castilla y León (-0,7%).


O descenso acumulado no ano 2016 foi do 1,6% a nivel nacional, neste caso o maior crecemento correspóndelle a Castilla y León (5,0%) e o maior descenso a Asturias (-7,1%). As seguintes comunidades, ademais de Castilla y León, rexistran taxas superiores á media nacional: Galicia (4,1%), Comunitat Valenciana (3,9%), Cataluña (3,2%), Madrid (3,1%) e Balears (1,9%).

IPI decembro 2016 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	82,8	-2,4	4,1	--	--
Bens de consumo	95,8	9,6	5,4	2,3	1,5
Bens de equipo	58,3	-16,6	-0,6	-4,1	-0,1
Bens intermedios	80,7	-2,2	6,0	-0,6	1,7
Enerxía	111,3	0,0	5,0	0,0	1,1
España					
Xeral	87,7	-1,6	1,6	--	--
Bens de consumo	87,0	-3,4	1,6	-1,0	0,5
Bens de equipo	92,0	-5,5	3,0	-1,3	0,7
Bens intermedios	83,2	1,8	2,0	0,5	0,6
Enerxía	91,5	0,6	-0,7	0,1	-0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro 2016

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-2,4		4,1		
Confección de roupa de vestir	26,4	1,0	2,1	0,1	5,3
Industria da alimentación	6,3	0,8	4,7	0,7	12,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	11,0	0,8	9,4	0,7	8,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	4,5	0,2	9,1	0,4	3,8
Industria química	5,3	0,1	9,7	0,2	1,5
Industria téxtil	29,0	0,1	9,1	0,0	0,2
Fabricación de bebidas	0,3	0,0	4,3	0,2	3,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-0,9	0,0	5,8	0,1	1,2
Outras industrias manufactureiras	-2,6	0,0	-1,6	0,0	0,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-0,9	0,0	10,7	0,3	3,5
Fabricación de mobles	-1,8	0,0	17,8	0,3	1,6
Outras industrias extractivas	-7,1	0,0	-11,1	-0,1	1,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-3,3	-0,1	-9,6	-0,2	3,2
Industria do papel	-4,6	-0,1	7,3	0,1	1,8
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-8,2	-0,4	1,8	0,1	5,0
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-4,9	-0,5	6,9	0,8	11,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-13,1	-0,7	5,5	0,3	4,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-3,4	-0,7	4,3	0,8	14,7
Fabricación doutro material de transporte	-31,4	-1,1	-13,7	-0,5	6,7
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-41,4	-1,7	-13,5	-0,2	2,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Decembro 2016

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	87,7	-1,6	1,6
Galicia	82,8	-2,4	4,1
Andalucía	87,9	-3,0	-0,3
Aragón	81,1	-6,6	-3,7
Asturias	103,5	12,9	-7,1
Balears (Illes)	77,6	1,2	1,9
Canarias	92,6	0,9	1,0
Cantabria	81,9	5,4	-1,1
Castilla - La Mancha	78,0	-4,9	-2,0
Castilla y León	87,7	-0,7	5,0
Cataluña	91,3	-1,7	3,2
Comunitat Valenciana	93,8	-1,6	3,9
Extremadura	64,8	-11,0	-1,6
Madrid	85,0	-1,8	3,1
Murcia	84,9	-0,5	-1,6
Navarra	77,0	-1,7	0,0
País Vasco	89,8	-0,6	1,6
Rioja (La)	76,9	-7,3	-5,1

Fonte: INE